

Presentación das páxinas.

Curso de procesador de textos Word avanzado

Código: LO09067.

Tipo: xeral.

Área formativa: proceso de traballo.

1.-Obxectivos.

Proporcionar coñecementos avanzados no procesador de textos Word.

2.-Destinatarios.

Persoal de Administración local.

3.-Desenvolvemento.

Modalidade teleformación: 25 horas en liña.

Duración: 25 h.

Datas: entre o 1 e o 30 de novembro de 2009.

-Ao finalizar o curso terá lugar unha proba presencial de avaliación de carácter obrigatorio para poder obter o diploma de aproveitamento.

A data e a hora do exame anunciarase con antelación suficiente, a través da plataforma de teleformación e na páxina web da EGAP.

Prazas: 50.

4.-Contido.

Ortografía e gramática.

O menú Inserir.

Control de cambios.

Protexer un documento en Word.

Combinar correspondencia.

Macros.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 1 de xullo de 2009 pola que se delega no vicexerente de Xestión Económica e Servizos Xerais a asistencia ás mesas de contratación.

O artigo 164 dos estatutos da Universidade de Vigo recolle a composición mínima das mesas de contratación sinalando o xerente como integrante dela.

O volume de actividade administrativa desenvolvida pola xerente e razóns de eficacia e axilidade na xestión fan aconsellable trasladar o exercicio desta competencia a prol de quen asume de xeito máis directo a xestión da materia cuxo obxecto se delega.

Polo antedito, de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, acorda ditar a seguinte resolución:

1. Delegar no vicexerente de Xestión Económica e Servizos Xerais a asistencia ás mesas de contratación.

2. Non pode ser obxecto de delegación a competencia que se delega nesta resolución, e en todo momento a xerente pode avocala para si.

3. Esta resolución terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 1 de xullo de 2009.

Ana Fernández Pulpeiro
Xerente da Universidade de Vigo

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 13 de xullo de 2009 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de letrados.

De conformidade co establecido no Decreto 88/2008, do 30 de abril, modificado polo Decreto 299/2009, do 7 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e coa autorización conxunta das consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e de Economía e Facenda do 22 de decembro de 2008, esta consellería, en uso das competencias que lle atribúe o Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de letrados, con suxeición ás seguintes:

Bases da convocatoria

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de once (11) prazas do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de letrados polos sistemas de promoción interna e acceso libre, mediante o procedemento de oposición.

O corpo superior, de conformidade coa disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, é equivalente ao subgrupo A1.

I.1.1. O número total de vacantes reservadas ao sistema de promoción interna ascende a catro (4) prazas, que corresponde ao 33% do total das vacantes. O número total de vacantes reservadas ao sistema de acceso libre ascenderá a sete (7) prazas.

As prazas da quenda de promoción interna que non se cubran acumularanse ás do sistema de acceso libre.

I.1.2. Os/as aspirantes só poderán participar nun dos dous sistemas. Se da instancia que se presente non se deduce a súa opción, será excluído/a nas listas provisionais que se publiquen. De non emendaren o defecto na súa solicitude, quedarán definitivamente excluídos. Por tanto, tras a publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, non se permitirá ningún cambio correspondente posterior ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

I.1.3. De conformidade coa disposición adicional sétima do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e co Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, do total de prazas reservárase unha (1) para ser cuberta por persoas con minusvalidez cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. Esta cota de reserva aplicarase ao sistema de acceso libre.

No suposto de que a devandita praza non sexa cuberta por unha persoa con minusvalidez, esta acumularase á cota do 7% da oferta seguinte, cun límite máximo do 12%.

Así mesmo, no suposto de que algún aspirante con minusvalidez que se presentase pola cota de reserva de discapacitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

I.1.4. O presente proceso selectivo rexerese polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, a Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público, o capítulo VIII do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 120/2006, do 20 de xullo, e polo Decreto 145/2007, do 19 de xullo, e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos dos candidatos.

I.2.1. Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes

e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario os seguintes requisitos:

I.2.1.1. Para promoción interna.

I.2.1.1.1. Idade: non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.1.1.2. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título universitario de grao en dereito.

Ata que non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, segue sendo válido o título universitario de licenciado en dereito, de conformidade co establecido no punto primeiro da disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

I.2.1.1.3. Os aspirantes deberán ser funcionarios da Administración da Xunta de Galicia e pertencer ao corpo superior ou ao corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1), ou ao corpo de xestión ou ao corpo facultativo de grao medio da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2), e ter prestado servizos efectivos como funcionario de carreira nun destes corpos, durante polo menos dous anos, computados desde o ingreso ou desde a integración naquel. Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos e familiares (artigo 54 e 57 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia).

I.2.1.1.4. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.1.1.5. Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se encontrar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

I.2.1.1.6. Ademais dos requisitos anteriores, os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con minusvalidez cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

I.2.1.2. Para acceso libre.

I.2.1.2.1. Nacionalidade, de acordo co exixido no Estatuto básico do empregado público.

I.2.1.2.2. Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.1.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título universitario de grao en dereito.

Ata que non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, segue sendo válido o título universitario de licenciado en dereito, de conformidade co establecido no punto primeiro da dis-

posición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

I.2.1.2.4. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.1.2.5. Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se encontrar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

I.2.1.2.6. Ademais dos requisitos anteriores, os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con minusvalidez cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

I.3. Solicitudes.

Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha solicitude e aboar os dereitos de exame de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

En relación aos dereitos de exame, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, exige como requisito necesario para participar no proceso selectivo o aboamento en tal concepto do importe da taxa que estea vixente no momento de presentación da solicitude.

1. Formalización da solicitude:

O modelo de solicitude estará a disposición de todos/as os/as que desexen participar no proceso na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), premendo a icona «empregarse procesos de ingreso», en dúas modalidades, segundo se dispoña ou non de certificado dixital da FNMT (Fábrica Nacional da Moeda e Timbre) ou DNI electrónico.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, os/as solicitantes deberán cubrir todos os datos que aparecen en pantalla e posteriormente validalos e confirmalos.

Os aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%, a que se refire a base I.2. deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de minusvalidez recoñecido polo órgano competente, e poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria, todo isto conforme o contido na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, na Lei 53/2003, do 10 de decembro, sobre emprego público de discapacitados, no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con minusvalidez, na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen

criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso a emprego público de persoas con minusvalidez, e no Decreto 88/2008, do 30 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazos de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

2. Pagamento das taxas:

Unha vez confirmada a alta da solicitude, o/a solicitante, segundo estea ou non nos supostos previstos, deberá seguir os seguintes pasos:

-Exento de pagamento: de acordo co sinalado no artigo 23.5º da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento as persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33%, e as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial (en caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%).

Unha vez elixida esta opción, o/a solicitante poderá imprimir desde ese momento a solicitude cuberta e deberá presentar antes do remate do prazo fixado orixinal ou copia debidamente cotexada do documento que xustifique a exención do pagamento nas oficinas do rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Neste suposto, considerarase como data válida de presentación a da confirmación da solicitude realizada de acordo co disposto anteriormente, condicionada, en todo caso, á presentación dentro do mesmo prazo da documentación sinalada para acreditar a exención do pagamento.

-Non exentas de pagamento: o/a solicitante poderá realizar o pagamento dunha das seguintes maneiras:

Pagamento presencial:

-Imprimindo o documento de pagamento, modelo AI, seleccionando esta opción na pantalla, e realizando o ingreso do importe da taxa que figura nela en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

Pagamento telemático:

Sen certificado dixital.

-Introducindo os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento telemático, obtendo nese momento o xustificante 730 correspondente.

Con certificado dixital:

-Poderá realizar o pagamento con cargo á conta do titular do certificado desde a opción de pagamento telemático, obtendo nese momento o xustificante 730 correspondente.

En ambos os casos se considerará como data válida de presentación da solicitude a da realización da operación de ingreso da taxa, sen que sexa necesario presentar ningún dos documentos xerados nos lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, só aos/as solicitantes excluídos que o soliciten no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución definitiva da Dirección Xeral da Función Pública a que fai referencia a punto terceiro da base I.4.2.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento polos/as solicitantes seguindo as intruccionas iniciais (páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es, icona «empregarse procesos de ingreso») seleccionando a opción de consulta na pantalla.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, os/as solicitantes poderán poñerse en contacto telefónico co Centro Informático CIXTEC no número 981 54 13 00, das 8.30 ás 20.00 horas de luns a venres e os sábados das 10.00 ás 14.00 horas.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, o titular da Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, así como oportunamente nos lugares determinados pola normativa vixente, e na cal se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión e a indicación do lugar en que se encontran expostas as listas de admitidos e excluídos. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, o nome e o número de documento nacional de identidade.

I.4.2. Os aspirantes excluídos dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das devanditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución por que se publique a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, a Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1º do mesmo texto legal.

O feito de figurar na relación de admitidos non implica recoñecer aos interesados a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, en caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

II. Proceso selectivo.

O programa que rexerá nas probas selectivas é o aprobado pola Orde do 12 de setembro de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 187, do 26 de setembro.

O proceso selectivo constará de cinco exercicios obligatorios e con eficacia eliminatória:

-Dous orais de carácter teórico.

-Dúas probas escritas de tipo práctico.

-Unha proba para acreditar a competencia en lingua galega.

Ademais de acordo co disposto no artigo 54.3º do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, os aspirantes, con carácter voluntario e non eliminatório, poderán presentarse a un exercicio de lectura e tradución de linguas estranxeiras. Para estes efectos, e no prazo de dez días hábiles seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, os interesados que desexen realizar este exercicio deberán comunicarlle á Dirección Xeral da Función Pública a súa elección do idioma.

Para a exención prevista no terceiro exercicio, os/as aspirantes deberán presentar no prazo de dez días hábiles seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Esta documentación deberá presentarse nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II.1 Exercicios.

II.1.1 Primeiro exercicio: consistirá en expoñer oralmente dous temas de dereito civil; un de dereito hipotecario; un de dereito mercantil; dous de dereito procesual, un da primeira parte (temas 1 ao 30) e outro da segunda parte (temas 31 ao 55); e, por último, un de dereito laboral, sanitario e da seguranza social.

Os temas serán designados ao azar e expoñeranse na orde indicada. O tempo mínimo dedicado á exposición de cada tema non poderá ser inferior a cinco minutos.

Para preparar a exposición oral dos temas concederáse ao opositor un tempo de dez minutos.

Unha vez comezada a exposición, o tempo máximo de duración será de setenta (70) minutos.

Cada un dos temas se cualificará de 0 a 5 puntos, sendo necesario para superar cada exercicio obter unha cualificación superior á metade da puntuación máxima posible, nos termos previstos na base II.2.6.

Se en calquera momento da exposición dos temas o tribunal, consultado para tal efecto polo seu presidente e por decisión unánime dos seus membros, apreciar unha manifesta deficiencia de contido, invitará o opositor a retirarse, indicándolle o motivo, e dará por concluído o exercicio, deixando constancia na acta da sesión correspondente.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, ao final de cada sesión no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Este exercicio realizarase no prazo máximo de corenta días desde a constitución do tribunal que xulgue as probas. A data de realización deste exercicio non será anterior a outubro de 2009.

II.1.2. Segundo exercicio: proba voluntaria de lingua estranxeira.

O segundo exercicio consistirá na realización dunha proba de idioma, de carácter voluntario e non eliminatorio.

Esta proba será no idioma comunitario elixido polo aspirante. Consistirá nunha lectura ante o tribunal dun texto orixinal, así como na tradución deste. Para tal efecto o tribunal designará o texto sobre o cal se practicará a proba.

Para a verificación deste exercicio o tribunal poderá ser asistido polos asesores especialistas que designe.

O tempo máximo de duración será de trinta (30) minutos.

Este exercicio cualificarase de 0 a 6 puntos. Esta cualificación realizarase mediante papeletas, unha por cada membro do tribunal, coa puntuación que ao seu parecer merece, nos termos previstos na base II.2.6.

II.1.3. Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. Esta cualificación realizarase mediante papeletas, unha por cada membro do tribunal, coa cualificación que ao seu parecer merece.

As cualificacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez finalizada a corrección dos exercicios.

Este exercicio celebrarase nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

II.1.4 Cuarto exercicio: consistirá en expoñer oralmente dous temas de dereito constitucional, comunitario e autonómico, un do 1 ao 28 e outro do 29 ao 43; dous temas de dereito administrativo, un da parte xeral (temas 1 ao 32) e outro da parte específica (temas 33 ao 64); dous de facenda pública, un da primeira parte (temas 1 ao 19) e outro da segunda parte (temas 20 ao 32); e un de dereito penal.

Os temas serán designados ao azar e exponeranse pola orde indicada. O tempo mínimo dedicado á exposición de cada tema non poderá ser inferior a cinco minutos.

Para preparar a exposición oral dos temas concederáse ao opositor un tempo de dez minutos.

Unha vez comezada a exposición, o tempo máximo de duración será de setenta (70) minutos.

Cada un dos temas cualificarase de 0 a 5 puntos, sendo necesario para superar cada exercicio obter unha cualificación superior á metade da puntuación máxima posible, nos termos previstos na base II.2.6.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, ao final de cada sesión no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Este exercicio celebrarase nun prazo mínimo de 48 horas desde a finalización do exercicio anterior e máximo de 40 días.

II.1.5. Quinto exercicio, de carácter práctico e escrito: consistirá en realizar algunha actuación escrita un asunto xudicial en que sexa parte a administración autonómica. Para o seu desenvolvemento, os aspirantes poderán servirse de textos legais e xurisprudenciais.

O tempo máximo de duración será de cinco (5) horas.

Unha vez celebrado, será corrixido mediante a súa lectura en sesión pública ante o tribunal, que o cualificará valorando os coñecementos, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición. No desenvolvemento da lectura o tribunal poderá realizar preguntas ao aspirante en relación co seu exercicio.

Cada membro do tribunal disporá de copias fotoestáticas dos exercicios para cotexar a lectura efectuada polo aspirante.

Este exercicio cualificarase de 0 a 35 puntos, sendo necesario para superalo obter unha cualificación superior á metade da puntuación máxima posible. Esta cualificación realizarase mediante papeletas, unha por cada membro do tribunal, coa puntuación que ao seu parecer merece, nos termos previstos na base II.2.6.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez finalizada a corrección dos exercicios.

Este exercicio celebrarase nun prazo mínimo de 48 horas desde a finalización do exercicio anterior e máximo de 40 días.

II.1.6. Sexto exercicio, de carácter práctico e escrito, consistirá en informar por escrito sobre algún asunto xurídico en que estea interesada a administración autonómica. Para o seu desenvolvemento, os aspirantes poderán servirse de textos legais e xurisprudenciais.

O tempo máximo de duración será de cinco (5) horas.

Unha vez celebrado, será corrixido mediante a súa lectura en sesión pública ante o tribunal, que o cualificará valorando os coñecementos, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición. No desenvolvemento da lectura o tribunal poderá realizar preguntas ao aspirante en relación co seu exercicio.

Cada membro do tribunal disporá de copias fotoestáticas dos exercicios para cotexar a lectura efectuada polo aspirante.

Este exercicio cualificarase de 0 a 35 puntos, sendo necesario para superalo obter unha cualificación superior á metade da puntuación máxima posible. Esta cualificación realizarase mediante papeletas, unha por cada membro do tribunal, coa puntuación que ao seu parecer merece, nos termos previstos na base II.2.6.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, ao final de cada sesión no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), unha vez finalizada a corrección dos exercicios.

Este exercicio realizarase nun prazo mínimo de 48 horas desde a finalización do exercicio anterior e máximo de 40 días.

II.2 Desenvolvemento dos exercicios.

II.2.1. O primeiro exercicio realizarase no prazo máximo de corenta días desde a constitución do tribunal que xulgue as probas. A data de realización deste exercicio non será anterior a outubro de 2009.

Cada un dos exercicios seguintes se celebrará nun prazo mínimo de 48 horas e máximo de 40 días desde a finalización do exercicio anterior.

II.2.2. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es), con corenta e oito horas, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio.

II.2.3. A orde de actuación dos opositores iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra «V», de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de xaneiro de 2008, pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 17 de xaneiro de 2008 (DOG nº 16, do 23 de xaneiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente ao ano 2008.

II.2.4. Os aspirantes deben acudir a todas as probas provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo de su identidade, que deberán exhibir ao comezo de cada exercicio e por requirimento do tribunal.

II.2.5. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluído da oposición quen non compareza.

Non obstante o anterior, as mulleres embarazadas que prevegan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas despois do anuncio da data do exame e levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, de acordo coa información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da pro-

ba, ou ben ambas as medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

II.2.6. A cualificación de cada exercicio realizarase mediante papeletas, unha por cada membro do tribunal, excluíndo as dúas papeletas que conteñan as puntuacións máxima e mínima, sen que en ningún caso poidan ser excluídas máis de unha máxima e unha mínima; sumaranse os puntos consignados en todas as restantes e o total dividirse polo número de papeletas computadas. O cociente obtido constituirá a cualificación.

O opositor que en calquera exercicio non alcance unha cualificación superior á metade da puntuación máxima posible quedará definitivamente eliminado da oposición.

II.2.7. As cualificacións dos exercicios faranse públicas, no caso dos exercicios teóricos, ao final de cada sesión. Nos exercicios prácticos e nos de idiomas publicaranse conxuntamente, despois de finalizar cada un dos ditos exercicios, podendo utilizar o tribunal para deliberar o tempo que sexa necesario.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

II.2.8. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tiver coñecemento ou dúbidas fundadas de que algún aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, comunicará á Dirección Xeral da Función Pública, para os efectos de que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

En caso de que o/a opositor/a non acredite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública ditará proposta da súa exclusión do proceso selectivo, e o órgano competente ditará a resolución correspondente. Contra a resolución do dito órgano poderán interpoñerse os recursos administrativos ou as reclamacións que procedan.

II.3. A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxer o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a complementaria dos aspirantes que, despois de superaren todas as fases do proceso selectivo, sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira. Para os efectos previstos

neste punto, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos a que se refire a base IV.3.

III. Tribunal.

III.1. O tribunal calificador do proceso será designado por orde da Consellería de Facenda, e a súa composición será a determinada polo artigo 55 do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da asesoría xurídica da Xunta de Galicia, e normativa vixente.

III.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria e, igualmente, se tivesen colaborado durante ese período dalgún modo con centros de preparación de opositores.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non se encontraren incursos nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá tamén ser cuberta polos asesores especialistas previstos na base II.1.2.

III.3. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nesta base, conforme o artigo 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.4. A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se nomeen os novos membros do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base III.3.

III.5. A sesión de constitución do tribunal terá lugar no prazo máximo de quince días a partir da publicación do seu nomeamento.

Para a válida constitución do tribunal, tanto na sesión de constitución como nas posteriores que se celebren, requirirase a presenza de, polo menos, a metade dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

III.6. O procedemento de actuación dos tribunais axustarase en todo momento ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ás instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas pola consellería competente en materia de función pública.

III.7. Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, se autorizará coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente.

III.8. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide pertinente, limitándose os devanditos asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto. O nomeamento de tales asesores corresponderá á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda.

III.9. O tribunal calificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con minusvalideces gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con minusvalideces que o soliciten na forma prevista na base I.3., as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización.

Se na súa realización se suscitaren dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios do corpo a que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

III.10. O tribunal que actúe no proceso selectivo terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

O número máximo de sesións será fixado por resolución da Dirección Xeral da Función Pública, podendo ser ampliado só o número delas, con base en causa xustificada, pola dita dirección xeral.

III.11. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxer o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a complementaria dos aspirantes que, despois de superaren todas as fases do proceso selectivo, sigan os propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.

III.12. As comunicacións que formulen os aspirantes ao tribunal dirixiranse a Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano, Santiago de Compostela).

III.13. O presidente do tribunal adoptará, se é o caso, as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase de oposición sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para isto os impresos adecuados.

Os tribunais excluirán aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

IV. Lista de aprobados, presentación de documentación e nomeamento de funcionarios.

IV.1. A cualificación da oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, o empate resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e, se se mantén, acudirse á puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva.

IV.2. Rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións alcanzadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, e elevará a devandita relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento. Con carácter excepcional, poderase renunciar á participación no proceso selectivo ata a data en que o tribunal eleve ao titular da Dirección Xeral da Función Pública a relación de aprobados.

A partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de aprobados, os aspirantes dispoñerán dun prazo de vinte días naturais para a presentación dos seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do título correspondente existido na base I.2 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se encontrar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

c) Certificado médico oficial en que se acrediten os requisitos de capacidade funcional.

d) Os aspirantes con minusvalidez cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% que superen a oposición deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar e, de ser o caso, da Administración correspondente.

Así mesmo, a Consellería de Facenda requirirá, respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade co desempeño das correspondentes funcións.

IV.3. Os que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou cando do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2., non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.4. Os que tiveren a condición de funcionarios de carreira da administración da Xunta de Galicia estarán

exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, e deben presentar certificación da consellería ou organismo de que dependesen para acreditar tal condición, con expresión do número e importe de trienios, así como a data do seu cumprimento.

IV.5. Rematado o proceso selectivo, e unha vez cumpridos os requisitos exixidos con anterioridade, os que o superasen serán nomeados funcionarios de carreira mediante orde do titular da consellería de Facenda, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, na cal se indicará o destino adxudicado de acordo coa puntuación obtida no proceso selectivo.

Os aspirantes procedentes do sistema de promoción interna, en virtude do disposto no artigo 22.2º do Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, terán, en todo caso, preferencia sobre os aspirantes provenientes do sistema de acceso libre para cubrir as vacantes correspondentes.

IV.6. A adxudicación das prazas aos aspirantes que superen o proceso selectivo se efectuará de acordo coa puntuación sinalada na base II.3. Non obstante, e con carácter obrigatorio, aos aspirantes da quenda de promoción interna adxudicáraselles destino neste posto que desempeñen con carácter definitivo, sempre que de conformidade coa relación de postos de traballo ese posto deba ser ocupado por funcionarios da escala de letrados.

IV.7. A toma de posesión dos aspirantes aprobados será efectuada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade coas disposicións previstas no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e demais normas concordantes.

V. Disposición derradeira.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase presentar recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, no caso dos aspirantes da quenda de promoción interna ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, e, no caso dos do sistema de acceso libre ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

Resolución do 30 de xuño de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de biólogos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008).

En sesión do tribunal, nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 8 de setembro de 2008 (DOG nº 176, do 11 de setembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de biólogos, que tivo lugar o día 30 de xuño de 2009, adoptáronse, de conformidade co establecido na orde de convocatoria, entre outros, os seguintes acordos:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a relación de aspirantes, da quenda de acceso libre e de promoción interna, que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación acadada, con indicación do seu documento nacional de identidade.

Segundo.-De acordo co disposto na base IV da orde de convocatoria, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentar a documentación prevista no punto 2 da citada base.

Terceiro.-Elevar a dita relación de aspirantes ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento.

Cuarto.-Contra este acordo poderase interpor recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2009.

Juan José Valiela Villar
Presidente do tribunal

ANEXO

Puntuacións definitivas obtidas no proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de biólogos

Promoción interna:

Nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	Concurso	Total
Rodríguez Carballo, Susana	34957310-R	10	10	12,38	32,38
Castro Vázquez, Mª Montserrat	32764252-Q	12,43	11,7	6,22	30,35

Acceso libre:

Nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	Concurso	Total
Febreiro Mayor, Fernando Manuel	36050191-Z	12,2	12,4	16	40,6
Cuñas Olmedo, Pedro	35257736-R	12,79	11,6	16	40,39
Gómez Losada, Miguel	32755356-K	12,05	12,1	16	40,15
Suárez Arias, Eduardo	33275217-J	10	13	16	39
Calo Miguens, María Dolores	33259034-E	10	10,4	16	36,4
Camíño Soto, Juan Manuel	32756022-C	12,5	10	12,4	34,9
Fernández Martínez, Rosa María	76893574-C	12,94	14,2	7	34,14
No Couto, Edgar	32841740-V	13,52	12,8	4,2	30,52